

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 28, 1-10

Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Magdalena e mais a outra María foron visitar o sepulcro.

Entón produciuse un gran terremoto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela. Tiña o aspecto dun relampo e o seu vestido era branco coma a neve. Os gardas tremeron co medo, ficando coma mortos. Mais o anxo díxolles ás mulleres:

– «Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado. Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vinde ver o sitio onde estaba. E ide axiña dicirlles ós seus discípulos: "Resucitou de entre os mortos e vai diante de vós para Galilea: alí o veredes". Iso é o que vos tiña que dicir.»

Elas marcharon do sepulcro con toda a présa, con temor pero cheas de gozo; e correron para llelo comunicaren ós seus discípulos.

Entón Xesús saíulles ó encontro dicindo:

– «Alegrádevos.»

Elas, achegándose, abrazáronlle os pés e prostráronse ante el. Xesús díxolles:

– «Non teñades medo: ide avisar a meus irmáns de que marchen para Galilea, que alí me verán.»